

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA O ACONDICIONAMENTO PAISAXÍSTICO DO ENTORNO E ACCESOS DA CARBALLEIRA DE SAN XUSTO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Cerdedo Cotobade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Cerdedo-Cotobade para o acondicionamento paisaxístico do entorno e accesos da carballeira de San Xusto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a "*información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local*".



Segundo.- O artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Terceiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Cuarto.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.



Quinto.- O Concello de Cerdedo-Cotobade pretende levar a cabo as obras necesarias para a mellora dos accesos e a posta en valor do entorno da carballeira de San Xusto, situada na parroquia de San Xurxo de Sacos.

Este lugar encóntrase dentro do ámbito no que se asinou o primeiro Pacto pola Paisaxe de Galicia, que abrangue esta zona dos meandros do Lérez.

O punto de intervención do proxecto será a mellora da contorna da carballeira para adecuala ás necesidades actuais e reducir o impacto das superficies asfaltadas que a rodean. Esta zona contén unha grande cantidade de elementos patrimoniais de interese e tamén elementos paisaxísticos e naturais de gran valor, que se enumeran a continuación:

- Balneario de San Xusto, zona de bañeiras
- Dúas fontes de augas sulfuro fluoradas
- Catro muíños e canais de auga
- Minicentral hidroeléctrica San Xusto, canle e depósitos
- Camiños históricos
- Ponte romana, ponte medieval e camiño empedrado a Fentáns
- Petróglifos
- Palco de música
- Capela, cruceiro, carballeira e fonte de San Xusto
- Núcleo do Outeiro, con hórreos e vivendas de arquitectura tradicional
- Regatos

Estes e outros valores paisaxísticos de índole natural, cultural e panorámico determinaron que no *Catálogo das Paisaxes de Galicia*, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, se delimitase a Área de especial interese paisaxístico (AEIP) de San Xusto-Río Lérez.

As actuacións previstas introducirán pavimentos máis amables e acordes co entorno patrimonial no que se insiren, restablecendo a relación entre a capela, a carballeira e a fonte, mellorando tamén a xestión da auga e evitando as grandes escorrentías que se producen no lugar.

Tamén se procederá á mellora da sinalética e estableceranse unha serie de puntos de información para facilitar os percorridos a pé por todo o entorno. É importante ter en conta os



distintos elementos patrimoniais da contorna para incluír este punto como parte dunha ruta termal e cultural de gran importancia.

En canto á vexetación trátase de incrementar a superficie de carballo autóctono e mitigar a presenza doutras especies.

Sexto.- Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Cerdedo Cotobade unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

